



O noroeste da península ibérica –a actual Galicia–, a catro días de navegación de Cádiz e de Cardiff, convértese en territorio de confluencia cultural a partir de finais da Idade de Bronce. Aos circuitos atlánticos de intercambio do segundo milenio a.n.e., nos que os metais son os protagonistas, súmase a progresiva influencia mediterránea a partir da hexemonía de Cartago e de Cádiz, que se afianzará baixo o poder de Roma e o primeiro cristianismo.

O territorio dos pobos galaicos, lonxe dun *finisterrae*, é un punto de conexión, articulación e encontro entre dous mundos: o atlántico e o mediterráneo.

Iso é o que pretende mostrar esta exposición; para iso sérvese dun selecto elenco de obxectos arqueolóxicos procedentes de diferentes museos de Galicia e Asturias, ilustracións de gran calidade e impactantes fotografías.



Santa Tegra (A Guarda)

## Museo de Pontevedra

R/ Pai Amoedo Carballo, 3  
36002 Pontevedra  
Te. (0034) 986 80 41 00

### Horario de visita

De martes a sábados: de 10:00 a 21:00  
Domingos e festivos: de 11:00 a 14:00  
Lunes pechado  
24, 25, 31 de decembro, 1 e 6 de xaneiro pechado

### Visitas guiadas

Cita previa ao correo electrónico:  
[gabinetedidactico.museo@depo.gal](mailto:gabinetedidactico.museo@depo.gal) ou no 986 804 100  
extensión 42412/13 (en horario de 8:30 a 14:30)

Entrada gratuita.

[www.museo.depo.gal](http://www.museo.depo.gal)

**Web** [galaicos.depo.gal](http://galaicos.depo.gal)

 [@galaicos.expo](https://www.instagram.com/galaicos.expo)

 [facebook.com/galaicos.expo/](https://www.facebook.com/galaicos.expo/)

### Guía-catálogo

*Galaicos. Un pobo entre dous mundos*

À venda no Museo de Pontevedra e en [alvarelllos.info](http://alvarelllos.info)




## EXPOSICIÓN TEMPORAL

04/10/2019 - 02/02/2020



MUSEO DE PONTEVEDRA SEXTO EDIFICIO



## 1. Introducción

Nun breve audiovisual catro persoas expertas achégannos á singularidade do noroeste peninsular.



Depósito de machadas, Samieira  
Museo de Pontevedra

## 2. Campesiños e guerreiros?

A Idade de Bronce Final (1500-800 a.n.e.)

Un mundo con marcado carácter atlántico que se caracteriza por pequenos poboados abertos, pola intensificación da produción agrícola e polo xurdimento dun certo concepto de identidade individual, como poñen de manifesto os ocultamentos/depósitos de armas, coma os de Samieira e Saiáns.

## 3. Poboados fortificados

Idade de Ferro I (800-400 a.n.e.)

O nacemento dos castros constitúe unha novidade radical que modifica o modelo de hábitat, ademais de iniciar a apertura cara ao Mediterráneo.



Ola, Castrolandín  
Carlos Otero Vilariño  
e Fundación Terra Termarum



Castrolandín (Cuntis)

## 4. O Atlántico ábrese ao Mediterráneo

Idade de Ferro II (400-19 a.n.e.)

O predominio cartaxinés primeiro e o gadirita despois abrirá novas rutas e accederá ao mercado atlántico. Eses contactos, así como o desenvolvemento endóxeno dos grupos galaicos, xerarán unha sociedade e unha economía máis complexas.



Monte do Castro (Ribadumia)

## 5. Na esfera de Roma: *Gallaecia*

Séculos I-III

As sociedades galaicas intégranse no Imperio romano tras a conquista militar do noroeste peninsular (19 a.n.e.), aínda que experimentan un conflito entre tradición e modernidade que se verá reflectido na cultura material e na maneira de dividir e explotar o territorio.



Mercurio, castro de Taboexa  
Museo de Pontevedra

## 6. A provincia *Gallaecia*

Finais do século IV-século VI

A *Gallaecia* cristiá vive un período de renacemento cultural nos ámbitos da historiografía e a teoloxía, pero tamén é a protagonista da creación do primeiro estado xermánico europeo no noroeste da península ibérica: o reino suevo.



Adro Vello (O Grove)

## 7. Unha paisaxe chea de historia

Percorrido visual polos principais xacementos arqueolóxicos das Rías Baixas, paisaxes e contornas que mostran as pegadas do pasado e nos falan de historias.